



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Especial e complexo Advento. Especial e complexo Nadal

Benqueridas lectoras e lectores desta Crónica de Igrexa, compartimos tamén convosco a sensación común de que para todas e todos nós, xentes que habitamos este bendita e encerellada pel de touro que chamamos España, Península Ibérica, ou Estado español, e que falamos en galego, éuscaro, catalán, valenciano, asturiano, mallorquino ou castelán, segundo a cada quen lle pida o corpo e o espírito, –«eu fáloa porque si, porque me gusta, / porque me peta e quero e dáme a gana, / porque me sae de dentro, alá do fondo» (Celso Emilio)–, este tempo de espera relixiosa que chamamos Advento vai ser un Advento sen comparanza, e este tempo de presenza carnal de Deus entre nós que chamamos Nadal vai ser tamén un Nadal certamente nada habitual. A esperanza vaise vestir para nós

de roupas exóticas –poida que mesmo simulando bandeiras ou bandeirolas–, e a *letitia Natalis* vaise achegar ás nosas portas con músicas e cores de orixinais sons e trazados, incluído o multicolor arco da vella. É posible que, como cantaba Rosalía «maio longo, maio longo / todo cuberto de rosas / para algúns telas de morte, / para outros telas de vodas», as risas e bágoas deste Nadal, que vai empezar xa o 21 de decembro, se repartan non ao chou como a lotería do 22, senón coa indefectible exactitude da xente vencedora e da vencida nas urnas.

Pero poderemos nós subverter a orde máis ou menos fatídica das cousas? Compartimos tamén convosco esta pregunta. E compartimos, ao tempo, a particular resposta de quen isto escribe. Si, podémola subverter. Creo que estamos chamadas todas nós, mulleres e homes, a subvertela. Incluso creo que

o Deus do Advento e do Nadal conta connosco para levar a cabo esa feliz subversión.

Velaquí, logo, o noso particular par de propostas, que propoño con toda a fragilidade do mundo desde unha sensibilidade que me gustaría chamar cristiá.

A primeira proposta do cronista para reconducir a situación consiste en entender que, como moita máis xente xa afirma, non chega coa implicación e a aplicación das leis. É absolutamente necesaria a implicación dos corazóns, un espazo onde as leis non chegan necesariamente. E duns corazóns saneados, purificados, alentados por dinámicas de afecto fraterno. Unha quimera, un anxelismo? Preguntémosllo a Gandhi. Ou, se preferimos, a Xesús de Nazaret. E isto a dúas bandas. Do centro nacionalista á periferia tamén nacionalista, e da periferia nacionalista ao centro tamén nacionalista. Que en todas as partes se cocen fabas, e, ao que se ve e se oe, onde menos se pensa mesmo a caldeiradas. Darlle xogo aos corazóns supón de entrada, e xa non sería nada pouco, eliminar da linguaxe

todo ricto burlón, despectivo, agresivo, violento, vindicativo, que sitúa xa ao outro nun espazo estranxeiro, de exclusión. E despois o que o mesmo corazón nos vaia ditando, que será moito e bo. Seguro.

E en segundo lugar —é xa a segunda proposta—: non empecer en nada o san desenvolvemento da personalidade dun pobo, igual que temos por mérito non empecer o desenvolvemento dunha persoa para así facela máis capaz de entrañala nun ámbito comunitario, social. Non é san, salvo excepcións, a vontade disolvente, pero tampouco o é a actitude absorbente, que se empeña teimosamente en eliminar diferenzas impondo uniformidades. Sería o caso, por poñer un exemplo no campo cultural, de quen chega a Galicia con aires de mando, queixándose de que lle falemos en galego, cando o normal sería que gozase oíndonos facelo, porque esa, a nosa fala, é un ben cultural que enriquece o conxunto. En definitiva, medrar vendo medrar ao outro. E deste xeito, multiplicando os feitos por mil, suscitar no posible disidente o gusto pola convivencia, o pracer por facer xuntos o mesmo camiño. Iría-

nos moito mellor. Seguro. Emporiso, moito nos tememos que, como consecuencia negativa de todo o que estamos vivindo, a absorción gañe enteiros e, polo tanto, adé os problemas no canto de resolvelos.

Entendo, como ser humano e tamén coma cristián que son, que a nosa chamada máis fonda e auténtica é cara á unidade. Crear fronteiras non é bo, aínda que hai dinámicas de unión que poden máis do que as fronteiras, aínda que as haxa. Entendo que o Nadal é un canto vivo de unión que transcende fronteiras, as que marcan países e as máis recias que cicelan diferenzas entre xentes por razóns de raza e de diñeiro, vivan ou non no mesmo País. Emporiso, non vos causa estrañeza comprobar que consideremos totalmente legal que haxa partidos políticos que poidan optar pola independencia dalgún territorio español, pero que logo eses tales partidos, sendo gañadores en li des democráticas, non dispoñan de ningún camiño legal posible cara á súa independencia? Non é un absurdo? Non deberíamos dotarnos dunha lexislación axeitada que con moita seriedade e circunspección e con maiorías

moi cualificadas —a cousa non é ningunha broma— regulase esta eventual circunstancia? Eu coído que si. Canto mal xenio nos evitaríamos do moito que todos tivemos que tragar estes días! E o mal xenio é o de menos. Canta desfeita, canta ruptura social, canto estrago económico que afectará sen dúbida á xente con menos posibles!

2.- «Como paxaro senlleiro no tellado» (Sal 102, 8b)

O salmo 102 é unha impresionante pregaria dunha persoa que contempla o seu pobo nunha situación de completa desfeita e sen albiscar camiño ningún que abra esperanzas. Só sabe xa abeirarse en Deus. A imaxe que para o autor ou autora pode simbolizar esta situación angustiada é a do paxaro senlleiro no tellado.

Paxaro solitario e senlleiro no tellado está sendo para nós, coído eu, o arcebispo galego e franciscano de Tánxer, Santiago Agrelo. Subido ao tellado africano, ou aos arames de calquera aramado prohibitivo —isto si que é independencia abusiva: independizámonos cheos de razóns do mundo marxinal—, pía

coma un pitiño solitario ao que ninguén fai caso. Mentres nós debatíamos poñendo alma, vida e corazón –como se fai ante calquera absoluto– sobre bandeiras e patrias, sobre correr e descorrer fronteiras, tiñamos os oídos pechos para escoitar os anuncios de dez, vinte, corenta mortes máis que tal día ou tal outro ían abastecendo ese cemiterio dramático en que entre todos estamos convertendo o Mediterráneo. O drama vai moito máis alá do vivido pola persoa que encabeza o salmo, pero é igual, énos igual. Nós ao noso. O Goberno español tamén ao seu, non chegando nin ao 10 % da cota de xente refuxiada á que se comprometera hai máis dun ano. Non son estes camiños para o Nadal, por moito que logo en calquera circunstancia teñamos a ousadía de quere-lo celebrar festivamente.

Pero é que, tan atoados como estabamos co noso particular problema de identidades patrióticas, pasóusenos como se nada que o mesmo día, 27 de outubro, no que o Senado español aprobaba o ditoso artigo 155 da Constitución, a continuación, en trámite rapidísimo, aprobaba tamén o CETA, un acordo co-

mercial entre a UE e Canadá, xestionado con estrito e sospeitoso segredo popular, que pon enriba da mesa problemas éticos non menores, relacionados co medio ambiente, coa saúde animal e humana, cos postos de traballo, co liberalismo económico que con frecuencia privilexia os intereses das multinacionais sobre a calidade de vida da xente.

E o mesmo se pode dicir da lei aprobada no parlamento galego, só cos votos do PP, de fomento de implantación de iniciativas empresariais para regular e promover a entrada de industrias no noso territorio reducindo burocracia, facilitando o acceso ao chan, promovendo rebaixas fiscais. Unha lei moi cuestionada tamén por toda a oposición, por ser tramitada por vía de urxencia e porque entende que o que pretende é desregular, liberalizar, modificando dunha tacada leis existentes, dando moitas máis facilidades para que posibles empresas entren no noso territorio sen complexos e se convertan en señoras do noso. Empresas moi previsibles que teñen que ver coa minería, coa enerxía eólica, coa produción forestal etc., que acaban provocando o

abandono do rural, o despoboamento do territorio. No medio de tanto balbordo pode ser que mesmo nos guste comer gato por lebre, e baixo a promesa dunha rendibilidade inmediata –para quen?– esteamos sacrificando o futuro do país e da xente que viva nel. Pode ser ou pode non ser, pero case que xa non facemos cuestión disto. Tamén aquí un serio problema ético que nos estivo e está pasando coma o sol pola porta.

3.- O lume, outra vez o lume

Máis notorio para todo o mundo foi o tema dos lumes en Galicia (tamén en Asturias e tamén moi vivamente en Portugal). Unha vez máis, os lumes, cunhas 40.000 hectáreas queimadas e con catro persoas mortas. Unha vez máis a simplista explicación de sempre, que vale para todos: hai moito tolo incendiario homicida, terrorista, por aí, que, agora si, imos pillar. E ata o ano que vén. Cando isto escribimos a Xunta de Galicia anuncia unha serie de medidas que haberá que analizar con calma non soamente no momento da súa promulgación, senón sobre todo na hora da súa aplicación.

Tamén neste caso os bispos da provincia eclesiástica de Santiago, os bispos de Galicia, fixeron público un comunicado o 17 de outubro, no fragor das vagas incendiarias no que se fan eco da traxedia, das perdas, das mortes que os incendios estaban causando, se solidarizan coa xente afectada e reclaman atencións con ela, agradecen o esforzo de quen está tentando controlar os lumes e condenan a quen provoca estas desgrazas, porque no fondo «un crime contra a natureza é un crime contra nós mesmos e un pecado contra Deus».

Agradecemos esta inmersión dos nosos bispos nun tema que noutros tempos se consideraría non relixioso, pero que realmente o é. Posiblemente teña influído o seu a sensibilidade do Papa Francisco ao respecto, manifestamente coñecida a través da súa encíclica *Laudato si*. Agora ben, chamounos a atención que a palabra dos nosos bispos fose unha palabra reduccionista á hora de sinalar aos causantes dos lumes. Seguindo nisto a voz dos responsables políticos do momento, dan a entender que entenden que os lumes acaecen unicamente porque hai por aí algunha xente desalmada que

goza facendo mal aplicando o chisqueiro. E hainos seguramente. Pero detrás ou ao lado de quen tal faga existe unha ordenación do país, existen políticas forestais, existe unha mentalidade que prima a rendibilidade económica por riba de todo, existen unhas prácticas políticas programadas por quen manda e aceptadas con maior ou menor asentimento pola cidadanía, que favorecen que o chisqueiro prenda e que, en determinadas circunstancias, acade as dimensións que neste caso, unha vez máis, acadou. Neste senso a encíclica *Laudato si* do Papa Francisco é moito máis circunspecta e abre perspectivas aplicables desde logo a casos concretos coma o noso que se xoga no día a día o coidado da «casa común».

A este respecto resultou ben interesante a breve mensaxe escrita conxuntamente desde o Vaticano e desde Fanar (Istambul, Turquía) polo Papa Francisco e o Patriarca ecuménico Bartolomeu con motivo da Xornada mundial de oración polo coidado da creación que se celebra todos os 1 de setembro. Recomendamos vivamente a súa lectura. Adiantamos estes dous pa-

rágrafos que nos poden axudar a situarnos correctamente nesta cuestión. O primeiro ofrécenos esta perspectiva xeral:

Emporiso, no entanto, a historia do mundo presenta un contexto moi diferente. Revela un escenario moralmente decadente onde a nosa actitude e comportamento cara á creación escurece a nosa vocación como cooperadores de Deus. A nosa propensión a interromper os delicados e equilibrados ecosistemas do mundo, o noso desexo insaciable de manipular e controlar os recursos limitados do planeta e a nosa cobiza ilimitada de ganancias nos mercados, todo isto tennos arredado do sentido orixinal da creación. Non respectamos xa a natureza coma un regalo compartido; pola contra, considerámola unha posesión privada. Xa non nos relacionamos coa natureza para sostela, senón que a dominamos para soster as nosas propias invencións. As consecuencias desta cosmovisión alternativa son tráxicas e duradeiras. O medio ambiente humano e o da natureza estanse deteriorando xuntos e este deterioro do planeta recae sobre as persoas máis vulnerables.

E o segundo fai un atinado apunte sobre o sentido da pregaría ante tal perspectiva:

En efecto, un obxectivo da nosa oración é cambiar o modo no que percibimos o mundo para modificar a maneira de como nos relacionamos con el. O obxectivo do noso compromiso é o de empeñarnos en acadar unha maior simplicidade e solidariedade nas nosas vidas.

4.- Cos mozos e mozas desde Lugo

O 21 de outubro pasado celebrouse en Lugo unha xornada interdiocesana de animadores e animadoras de pastoral da mocidade. Parécenos ben, moi ben, que as cousas se empecen a mover a nivel interdiocesano en Galicia, por superar ese minifundismo eclesial que tanto se asemella no negativo ao minifundismo territorial que aínda nos segue afogando, e tamén por ir tomando algo máis conciencia de país, porque, queirámolo ou non, somos un país diferenciado con características especiais que afectan tamén, neste caso, ao modo de ser dos nosos mozos e mozas nos diferentes aspectos da súa realidade

vital, na súa maneira de incluírse na comunidade cristiá ou de excluírse dela.

Pois ben, celebrouse en Lugo a tal xornada, na que se trataría de coñecer novos métodos para a evanxelización da xente nova desde a mesma xente nova, e de acoller e acompañar a mocidade que se achega á Igrexa. E de todo isto falou o Padre Joao Chagas, chegado desde Roma como responsable da mocidade no Dicasterio vaticano de Lai-cado, Familia e Vida. Aproveitou o momento para informar de como vai a preparación do Sínodo sobre a xente nova, a fe e o discernimento vocacional, que ocupará ao episcopado mundial no outono do próximo ano 2018. Segundo testemuño de persoas asistentes, a xornada resultou clarificadora, positiva e alentadora.

Non sabemos se vai nesta liña a resposta que lle estamos dando, desde as diferentes instancias eclesiais nas que todos e todas dalgunha maneira estamos incluídas, á demanda do mesmo Papa e dos xestores do próximo Sínodo, no sentido de ir implicando a xente nova no proceso de preparación do mesmo.

En concreto mandouse no seu momento un amplo cuestionario, que nesta mesma Crónica presentamos aos nosos lectores. Un estupendo instrumento que seguramente, de empregalo, facilitaría cando menos unha inicial participación da mocidade en cousas da Igrexa, das que en xeral se sente tan arredada. Posiblemente ignoremos moitas realidades concretas, locais, pero o ambiente que se percibe e capta non é de que isto se estivese promovendo a conciencia, con interese, como quen move algo que pode dar xogo e permita romper con ese divorcio entre mocidade e institución eclesial, que contemplamos, parece, nada máis que con mágoa e resignación. Dános que foi unha estupenda oportunidade maiormente perdida. Logo non vale queixarse.

E mentres nós andamos nestas, o Papa Francisco, máis afectado e ilusionado que moitos e moitas de nós, vén de anunciar unha xuntanza presinodal en Roma para mozos e mozas de todo o mundo do 19 ao 24 de marzo do 2018, como unha parte do proceso de preparación do Sínodo. Unha xuntanza orientada a escoitar a voz da

xente nova, a súa sensibilidade, a súa fe e tamén as súas dúbidas e críticas en relación con todo o que é a Igrexa e a presenza da mocidade dentro dela. As conclusións do traballo desta xuntanza serán remitidas aos Padres Sinodais, para que as teñan en conta no traballo que á súa vez farán nos días do Sínodo do outono do 2018. En boa dinámica sinodal, un sínodo sobre a mocidade había de contar coa participación directa da mesma mocidade, pero co que se está a facer algo é algo.

5.- Na xornada mundial da xente pobre

Tamén dá a impresión de que a xornada mundial da xente pobre, celebrada o 19 de novembro, pasou entre nós sen pena nin gloria. Sabemos que o Papa a instituíu ao remate do xubileu da Misericordia, para ser celebrada todos os anos no domingo XXXIII do tempo ordinario, anterior ao domingo último, no que se celebra a festa de Cristo Rei. A Misericordia non debería ser algo pasaxeiro, senón ter unha presenza permanente na vida das comunidades eclesiais; a xornada era un recordatorio

anual dese feito. Colocándoa no domingo anterior á festa de Cristo Rei, intentaba subliñar o sentido fundamente servidor do poder desta realeza en Cristo.

Xa o 13 de xuño pasado, pola festa do franciscano Santo Antonio, quixo o Papa ir preparando o terreo desta xornada cunha mensaxe a todo o pobo cristián. Un texto espléndido na súa sinxeleza evanxélica, na súa directa incitación a tomar en serio o mundo da xente pobre que, conforme xa dixera Paulo VI, «pertencen á Igrexa por dereito evanxélico» (n. 5). Para o Papa Francisco, que na súa mensaxe se refire repetidamente á práctica de vida do seu santo homónimo, as expresións ocasionais de axuda á xente pobre «deberían levarnos a un verdadeiro encontro cos pobres e dar lugar a un compartir que se converta nun estilo de vida» (n. 3). «Esta forma de vida –segue dicindo o Papa– produce alegría e serenidade espiritual, porque se toca coa man a carne de Cristo. Se realmente queremos atopar a Cristo, cómpre que toques o seu corpo no corpo chagado dos pobres, como confirmación da comunión sacramental recibida na Eucaristía». E, para reforzar o

seu razoamento, cita estas provocadoras palabras de S. Xoán Crisóstomo: «Se queres honrar o corpo de Cristo, non o despreces cando está espido; non honres o Cristo con ornamentos de seda, mentres que fóra do templo descoidades a esoutro Cristo que sofre por frío ou nudez».

O Papa acompañou estas palabras co xesto de comer sinxelamente nesta xornada con 1.500 pobres nun comedor do Vaticano. Un xesto sinxelo que seguramente suscita nel a ansia continuada por non pechar os seus ollos a esa realidade mundial. Non oímos que entre nós se fixese algo similar. Quizais sexan pequenas oportunidades unha vez máis perdidas.

6.- E catro voces para rematar

A da Asociación de Teólogas Españolas que os días 11-12 de novembro se xuntaron para celebrar as XV Xornadas da Asociación, coincidindo co XXV aniversario da súa existencia; reuníronse en xuntanza ecuménica para reflexionar sobre o papel que ocupa a muller nas diferentes Igrexas, a súa situación real e os proxectos para ir chegando a unha situación ideal. O

lema do encontro era *Reforma y reformas en la Iglesia. Miradas críticas de las mujeres cristianas*. Ben importante ir seguindo os pasos, cando menos, dun movemento que claramente leva anos converténdose nun signo dos tempos dentro da Igrexa, non suficientemente atendido, cremos nós.

A do discurso do cardeal Blázquez na inauguración a asemblea da Conferencia Episcopal española en Madrid o 20 de novembro. Apuntou nel os temas que habían de ser obxecto de estudo por parte dos bispos nesta asemblea: 1) Ideoloxía de xénero, 2) Europa, 3) Situación española con Cataluña, 4) Pastoral educativa e 5) Anuncio da Palabra de Deus. Un enunciado que xa sinala a posible orientación do debate e das conclusións. Estaremos ao tanto das conclusións do traballo dos nosos bispos.

A das palabras do bispo de Solsona, Xavier Novell, tan coñecido pola súa postura dispar en relación co proceso de independencia en Cataluña, pero que acaba de escribir unha carta pastoral co motivo da Igrexa diocesana que nos parece unha

interesante advertencia que a todos nos pode vir moi ben. Fala da necesidade de modificar as formas de evanxelizar. Cos cambios habidos na sociedade respecto á vida relixiosa, coa evidencia de que «todo se funde», ou modificamos os nosos hábitos, tempos, investimentos materiais e humanos de evanxelización ou a quen non o faga «pronto se lles acabará o traballo e se dedicarán practicamente a enterrar defuntos». Non é algo diso o que xa está pasando en boa medida entre nós? A aposta estaría logo en atinar con esas novas e urxentes formas de evanxelización das que o bispo nesa carta non di nada.

E, por último, a humildísima voz dalgunhas superiores de mosteiros ou conventos de clausura que manifestan estar pasando por unha crise económica importante, porque un dos seus traballos prioritarios – elaboración de pan ácimo para as celebracións eucarísticas de moitísimas parroquias de toda España– está sendo ferido de morte pola competencia chinesa que, ao que se ve, elabora hostias a prezos baixísimos, cos que as monxas non poden competir. Quen o ía dicir? Ou sexa

que, cando comungamos posiblemente esteamos contribuíndo ao auxe dunha industria chinesa que se move cos criterios da macroindustria e ao afundimento dunha industria nosa, artesanal e piadosa! Vaia por Deus! E non haberá maneira de distinguir cando mercamos hostias chinas ou hostias conventuais? O que a nós nos pode chegar medio a broma para as

relixiosas citadas é motivo de seria preocupación.

E máis nada. Que o humor non nos falte nestas festas do Nadal, nin as ganas de seguir construíndo Terra e de ir facendo Igrexa «golpe a golpe, verso a verso», segundo cantaba Antonio Machado. Feliz Nadal, feliz Ano Novo!

Manuel Regal Ledo